



Concello de
OURENSE

50/21. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 10 DE NOVEMBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o dez de novembro de dous mil vinte e un, *sendo as trece horas (13h:00')*, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: *Excmo. Sr Alcalde-Presidente: D. Gonzalo Pérez Jácome. Srs/as. Concelleiros/as: D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, Don Jorge Pumar Tesouro, Dona Ana María Fernández Morenza, Dona Flora Moure Iglesias e D. Armando Ojea Bouzo*, que actúa como *Concelleiro-Secretario da Xunta*, -asisten como invitados: A Oficial Maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor Municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez; o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez; non asiste a letrada, dona Ana Blanco Nespereira;-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

DACIÓN DE CONTA DA OFICIALÍA MAIOR

- Dáse conta pola Oficialía Maior do seguinte Decreto de Alcaldía:

- Decreto núm. 2021008290 de data 9 de novembro de 2021, de delegación temporal por razóns de ausencia da concelleira dona Eugenia Díaz Abella en dona Flora Moure Iglesias o día 12 de novembro de 2021.

- Dáse conta pola Oficialía Maior do erro emendado na acta da Xunta de Goberno Local extraordinaria do 8 de novembro de 2021 que se enviou por correo nun primeiro momento, na que se inclúe ao concelleiro don Jorge Pumar Tesouro, o cal non asistiu á sesión. Seguidamente procédese a ...

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobáronse por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), as actas da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 4 de novembro de 2021 e extraordinaria de 8 de novembro de 2021.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

2.- Doña PAULA SOBRINO RODRÍGUEZ.- Licencia urbanística de obra para proxecto básico e de execución de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita no el Camiño da Esquina número 1, Cudeiro.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2021011630.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:



1.- Conceder a dona Paula Sobrino Rodríguez licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa Camiño da Esquina número 1, Cudeiro, en solo de núcleo rural tradicional ordenanza 1, consonte proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto don Ramón Israel Delgado Lamas quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Francisco Manuel Rodríguez Manteiga, e cun orzamento de execución material de 130.524,16 Euros.

2.- As obras cumpriran as condicións da resolución de data 22 de outubro do 2021 da Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, consistentes en:

- Os caneiros e baixantes serán de material metálico en zinc ou cobre, de sección circular, prohibíndose o aluminio, pvc ou semellantes que imiten ós anteriores.
- As solucións de escurecemento irán polo interior das carpinterías, non admitíndose as persianas ou contras polo exterior.

3.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.

4.- Remitir copia do acordo a Sección de Disciplina Urbanística para a súa inclusión no expediente número 2021018868, aos efectos oportunos.

O presente acordo tomase en base o informe do Arquitecto Municipal de data 30 de xullo do 2021; a resolución de data 22 de outubro do 2021 da Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o informe xurídico de data 4 de novembro do 2021, que trasladaranse o interesado os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións xerais:

1. - Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2. - Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.





3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valla a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valla colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse a valla sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar ca preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

3.- Don MANUEL GIL LOSADA.- Declaración de innecesiedade da licenza de segregación de finca sita na rúa de Laza, 19.-Exppte.Sección de licenzas urbanísticas 2020043422

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Estimar a solicitude de don Manuel Gil Losada declarando a innecesiedade da licenza urbanística de segregación de parcela de 405 metros cadrados sita na rúa de Laza número 19.

2.- Declárase prescrita a infracción urbanística consistente na carencia da licenza municipal de segregación.

O presente acordo tomase en base os informes técnicos do Arquitecto Municipal de data 25 de outubro do 2021 e o informe xurídico de data 2 de novembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse os interesados os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este poderá



interperse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se notifique, conforme o establecido nos artigos 52 da Lei reguladora das bases de réxime local, 194 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 58 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como os artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4.- Don ARTURO FEIJÓO PEREIRA.- Agrupación y parcelación urbanística de fincas sitas en Santa Mariña do Monte.- Expediente Sección Licenzas Urbanísticas 2021029127

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Conceder a don Arturo Feijóo Pereira licenza urbanística de parcelación de fincas, previa agrupación instrumental, sitas en Santa Mariña do Monte de conformidade coa descrición que se fai no proxecto de parcelación asinado polo enxeñeiro técnico en topografía don Alberto Fariñas Rodríguez, obrante no expediente, e que a continuación se describe:

Agrupación instrumental das seguintes fincas:

Finca "A".

Finca sita en Santa Mariña do Monte. Pertencente á clasificación de solo rústico de protección ordinaria e cunha superficie de 2.368,67 m². Coa referencia catastral 32900A16100336. Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Coa parcela catastral 32900A16100392.
- Sur: Coa parcela catastral 32900A16100335.
- Leste: Coa parcela catastral 32900A16100337.
- Oeste: Coas parcelas catastrais 32900A16100334 e 32900A16100392.

Finca "B".

Finca sita en Santa Mariña do Monte. Pertencente á clasificación de solo rústico de protección ordinaria e cunha superficie de 6.273,51 m². Coa referencia catastral 32900A16100337. Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Coas parcelas catastrais 32900A16100392, 32900A16100338 e 32900A16100340.
- Sur: Coas parcelas catastrais 32900A16100335, 32900A16100340 e 32900A16100341.
- Leste: Coas parcelas catastrais 32900A16100339, 32900A16100338, 32900A16100343, 32900A16100341 e 32900A16100340.
- Oeste: Coas parcelas catastrais 32900A16100336, 32900A16100339 e 32900A16100338.

Finca "C".

Finca sita en Santa Mariña do Monte. Pertencente á clasificación de solo rústico de protección ordinaria e cunha superficie de 135,03 m². Coa referencia catastral 32900A16100338. Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Coa parcela catastral 32900A16100339.
- Sur: Coa parcela catastral 32900A16100337.
- Leste: Coa parcela catastral 32900A16100337.
- Oeste: Coa parcela catastral 32900A16100337.

Finca "D".

Finca sita en Santa Mariña do Monte. Pertencente á clasificación de solo rústico de protección ordinaria e cunha superficie de 344,75 m². Coa referencia catastral 32900A16100345. Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Coa parcela catastral 32900A16100346.



- Sur: Coa parcela catastral 32900A16100335.
- Leste: Coas parcelas catastrais 32900A16100350 e 32900A16100351.
- Oeste: Coa parcela catastral 32900A16100340.

Finca "E".

Finca sita en Santa Mariña do Monte. Pertencente á clasificación de solo rústico de protección ordinaria e cunha superficie de 2.499,64 m². Coa referencia catastral 32900A16100335. Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Coa parcela catastral 32900A16100339.
- Sur: Coa parcela catastral 32900A16100337.
- Leste: Coa parcela catastral 32900A16100337.
- Oeste: Coa parcela catastral 32900A16100337.

Unha vez agrupadas ditas fincas e segregadas darían como resultado as seguintes fincas que se describen a continuación:

PARCELACIÓN:

FINCA RESULTANTE 1.

Finca sita en Santa Mariña do Monte. Pertencente á clasificación de solo rústico de protección ordinaria e cunha superficie de 3.184,44 m². Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Coa parcela catastral 32900A16100392.
- Sur: Coas parcelas catastrais 32900A16100332, 32900A16100331, 32900A16100330 e 32900A16100329.
- Leste: Coa Finca Resultante 2.
- Oeste: Coas parcelas catastrais 32900A16100334 e 32900A16100392.

FINCA RESULTANTE 2.

Finca sita en Santa Mariña do Monte. Pertencente á clasificación de solo rústico de protección ordinaria e cunha superficie de 3.060,21 m². Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Coas parcelas catastrais 32900A16100392 e 32900A16100339.
- Sur: Coa parcela catastral 32900A16100332 e coa Finca Resultante 3.
- Leste: Coa parcela catastral 32900A16100339 e coa Finca Resultante 3.
- Oeste: Coa Finca Resultante 1.

FINCA RESULTANTE 3.

Finca sita en Santa Mariña do Monte. Pertencente á clasificación de solo rústico de protección ordinaria e cunha superficie de 2.534,63 m². Cós seguintes lindeiros:

- Norte: Coa parcela catastral 32900A16100392 e coa Finca Resultante 2.
- Sur: Coa parcela catastral 32900A16100332.
- Leste: Coa Finca Resultante 4.
- Oeste: Coa parcela catastral 32900A16100339 e coa Finca Resultante 2.

FINCA RESULTANTE 4.

Finca sita en Santa Mariña do Monte. Pertencente á clasificación de solo rústico de protección ordinaria e cunha superficie de 3.184,44 m². Cós seguintes lindeiros:



- Norte: Coas parcelas catastrais 32900A16100392, 32900A16100346 e 32900A16100340.
- Sur: Coas parcelas catastrais 32900A16100357 e 32900A16100332.
- Leste: Coas parcelas catastrais 32900A16100343, 32900A16100341, 32900A16100340, 32900A16100350, 32900A16100351 e 32900A16100357.
- Oeste: Coa Finca Resultante 3.

Todo elo segundo planos obrantes no expediente.

Deberá aportarse ao expediente a oportuna escritura pública onde se reflicte o resultado da mista, aos efectos da súa validez para os expedientes que afecten ás fincas resultantes.

O presente acordo tomase en base os informes técnicos do Arquitecto Municipal de data 16 de xullo do 2021 e informe xurídico de data 2 de novembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse os interesados os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se notifique, conforme o establecido nos artigos 52 da Lei reguladora das bases de réxime local, 194 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 58 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

5.- Dona MARIA JOSÉ PÉREZ RODRIGUEZ, representada por don JAVIER LÓPEZ ÁLVAREZ.- Licenza urbanística para proxecto básico e de execución de reforma interior de vivanda sita no piso 5º dereita do edificio sito na rúa Concejo, 2.- Expte. Sección de Licenzas urbanísticas 2021024310.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a dona María José Pérez Rodríguez licenza urbanística de obra para proxecto de reforma interior de vivanda sita na rúa Concejo número 2 -5º”Derecha”-, en solo urban, segundo proxecto redactado polo arquitecto don Javier López Álvarez quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica das obras e a coordinación durante a execución das mesmas o arquitecto técnico don Manuel López Álvarez, e cun orzamento de execución material de 58.000 Euros.

2.- Requerir á solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

O presente acordo tomase en base os informe da Arquitecta Municipal de data 20 de outubro do 2021 e o informe xurídico de data 2 de novembro do 2021, que trasladarase os interesados os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13





de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condições xerais:

1. - Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2. - Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valla a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valla colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse a valla sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrelazadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002, de 5 de decembro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar ca preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.



6.- D. Gonzalo García Herguedas presenta recurso postestativo de reposición contra el Acuerdo número 9 de la Junta de Gobierno Local. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2019023139.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Desestimar o recurso de reposición interposto por don Gonzalo García Herguedas contra o Acordo número 9 da Xunta de Goberno Local de data 6 de maio do 2021, polo cal concedeuse á "Junta de Compensación del Polígono de la Zona 4 del SU 25" licenza urbanística de obra para proxecto básico para edificios sitos nas parcelas edificables números 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do Proxecto de Compensación do Polígono da Zoa 4 do SU25 do PGOU de 1986.

O presente acordo tomase en base o informe xurídico de data 2 de novembro do 2021, que forma parte desta resolución e do cal trasladarase os interesados os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que é firme en vía administrativa, só se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da recepción da notificación do mesmo. Todo elo sen perxuízo da interposición de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

7.- D. Anibal Novoa Novoa, proxecto de legalización de obras en edificación existente sita Lg A Granxa 12. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2020007559.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a don Anibal Novoa Novoa licenza urbanística de obra en vía de legalización para proxecto de legalización de obras en edificación existente sita no Lugar de A Granxa número 12, consonte proxecto redactado polo arquitecto don Israel Delgado Lamas, cun orzamento de execución material de 5.703,21 Euros.

2.- As obras cumpriran as condicións da resolución de data 15 de outubro do 2021 da Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, consistentes en:

- Deberase corrixir o voo dos beirados, procedendo ó recorte dos xa executando, conseguindo beirados sobrios e sinxelos, sen que sobresaían por fora da liña de remata en altura das fachadas, principalmente, no caso do muro piñón, máis de 20 cm.
- Os canos e baixantes de considerar a súa colocación, serán de cobre ou zinc na súa cor natural con sección semicircular e circular respectivamente, sen moldurados ornamentais, e buscando a maior sinxeleza na súa traxectoria entre o beirado e o punto de recollida.

3.- Dese traslado do presente acordo á Sección de Disciplina Urbanística para a inclusión do mesmo no expediente núm. 2019038760, os efectos oportunos.

O presente acordo tomase en base o informe da Arquitecta Municipal de data 29 de xuño do 2021; a resolución de data 15 de outubro do 2021 da Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o informe xurídico de data 4 de novembro do 2021, que trasladarase o interesado os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das





Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO

PLANEAMENTO URBANÍSTICO

8.- Ministerio de Cultura e Deporte. Proxecto de sinalización do Campo de Aragón. Expediente Planeamento Urbanístico 2021034090.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Conceder á Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Cultura O. A. do Ministerio de Cultura e Deporte do Goberno de España autorización para a execución do Proxecto de Sinalización do Campo de Aragón según documentación técnica presentada en datas 26 de xullo de 2021 e 15 de setembro de 2021 obrante no expediente nas propiedades de dominio e uso público deste Excmo. Concello onde se van a instalaren algúns dos elementos de sinalética.

A autorización queda suxeita ó cumprimento das seguintes condicións:

